



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: Nomeamento persoal laboral temporal socorrista subvencionado pola Deputación provincial

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o decreto núm. 262/2017 de data 06/07/2017 de formación da I Bolsa de traballo de socorrista do Concello de Boimorto e segundo as bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía núm. 214 de data 09/06/2017 e decreto núm. 262/2018 de data 19/06/2018 polo que se publica a situación actual da bolsa.

Vista a resolución de Presidencia nº 2018/16984 da Deputación Provincial da Coruña (BOP núm. 100 de data 29/05/2018) pola que se aproba a concesión provisional das subvencións correspondentes ao programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia da Coruña, anualidade 2018 polo que se concede provisionalmente ao Concello un importe de subvención de 4.741,17 euros (cod. exp. 2018000008907).

Advertida pola Secretaría de que as bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a concellos e outras entidades locais da Excma. Deputación Provincial da Coruña publicadas no BOP núm. 204 de data 26/10/2017 advirten na base 8.2 que a resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se lle notifique a resolución definitiva da concesión polo que non se pode considerar esta concesión provisional como compromiso firme de aportación.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Considerando que a concesión provisional de subvención adoptada ten carácter definitivo non constando alegacións por parte de interesados, nomear como socorrista a Alfonso Felix Novo Sanda con DNI 46909006T.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base oitava e trece á presentación polo interesado da seguinte documentación:

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título esixido.

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) dos méritos presentados.

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servicio de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.

- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

SEGUNDO.- Facer pública por publicación deste decreto no taboleiro de anuncios do Concello de Boimorto así como na páxina web a situación actual da I bolsa de traballo de socorrista do Concello de Boimorto que queda tal como segue tras a nova contratación:

1.- ALFONSO FELIX NOVO SANDA con DNI 46909006T. Contratado

2.- BORJA PEREZ RODRIGUEZ con DNI 79327575T.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requerida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 23/06/2018.

BOIMORTO, mércores 20 de xuño de 2018

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, a secretaria

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VAZQUEZ

